

## BASES DE PARTICIPACIÓN DOS

### PREMIOS DE COMUNICACIÓN TURÍSTICA TERRAS DE PONTEVEDRA

Os Premios de Comunicación turística “Terras de Pontevedra” configúranse como un recoñecemento institucional aos centros galegos de ensino e os seus estudantes. Están dotados economicamente dentro do proxecto “**PREMIOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA TERRAS DE PONTEVEDRA**”, en colaboración coa Mancomunidade Terras de Pontevedra e a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia.

Teñen como finalidade dar a coñecer o patrimonio turístico das Terras de Pontevedra (Concellos de A Lama, Barro, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa) a través das ferramentas de comunicación máis novidasas e innovadoras, e coa implicación e participación de centros galegos de ensino de Bacharelato, FP, Ensinanzas Artísticas Superiores e a Universidade e dos seus estudantes.

#### 1. OBXECTIVO

O obxectivo destas bases é regular o procedemento de participación nos “**Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra**”

#### 2. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Existen dous categorías de participación:

-**Microvídeo para Facebook**: cunha duración máxima de 40 segundos.

-**Post para Facebook**: podendo incluír no mesmo, textos, imaxes, debuxos, composicións etc.

#### 3. TEMÁTICA DOS TRABALLOS PRESENTADOS

Os traballos presentados aos premios deberán ter como finalidade dar a coñecer o patrimonio turístico das Terras de Pontevedra.

En concreto o referente ao patrimonio turístico material ou inmaterial do ámbito da arte rupestre, as praias, a cultura, a artesanía, os recursos naturais, a arte, a gastronomía... dos concellos de A Lama, Barro,

Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa.

A organización dos premios resérvase o dereito de excluír todas aquelas obras cuxos contidos non se correspondan con estas temáticas ou sexan obscenos, violentos, sexistas, racistas ou vulneren algún dereito fundamental das persoas.

#### **4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS TRABALLOS PRESENTADOS**

Os traballos presentados poderán ter sido realizados entre outros con cámaras, videocámaras, tabletas ou teléfono móbil.

Os post para Facebook deberán ter unhas dimensións máximas de 1200 x 1200 píxeles, sendo o tamaño óptimo recomendado de 1200 x 628 píxeles. Os formatos admitidos destas publicacións serán JPG, JPEG ou PNG. O tamaño do arquivo non excederá os 15 MB (no caso dos PNG recomendase un máximo de 1 MB).

Os formatos admitidos para os microvídeos para Facebook serán MP4, MPEG4 ou MOV. O tamaño máximo non excederá os 150 MB.

#### **5. INSCRICIÓN DOS TRABALLOS**

Para inscribirse nos “Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra” os participantes poderán facelo a través da promoción dos premios creada na plataforma **Easypromos** no enlace <https://premium.easypromosapp.com/p/815364>

As persoas ou entidades que desexen participar deberán cubrir o **Formulario de inscrición** e elixir a categoría ou categorías de participación (microvídeo ou post) e adxuntar o/os traballo/s que se desexe/n presentar aos premios.

Para a participación como centros de ensino: a inscrición a realizará un representante (maior de idade) designado polo centro.

Para a participación como estudante: só poderán participar maiores de idade e a inscrición a realizará o interesado/a de xeito persoal.

A inscrición nos premios supón a aceptación destas bases.

Os responsables dos traballos inscritos autorizan o seu emprego para a súa difusión en calquera medio de comunicación.

## 6. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Os requisitos de participación serán os seguintes:

- Participación dun centro: poderán participar nestes premios os centros galegos de ensino de Bacharelato, FP, Ensinanzas Artísticas Superiores e a Universidade. Cada centro poderá participar cun máximo de dous traballos por clase (dunha ou repartidos entre ambas categorías, microvídeo e post).
- Participación de estudantes: poderán participar nestes premios os alumnos e alumnas maiores de idade matriculados nos centros galegos de ensino de Bacharelato, FP, Ensinanzas Artísticas Superiores e a Universidade. Poderá participar cun máximo de 2 traballos (dunha ou repartidos entre ambas categorías, microvídeo e post).
- Os datos cos que os participantes cubran o formulario de inscrición deberán ser datos veraces.
- A participación será gratuíta.

As obras presentadas poden ser en idioma galego, español ou inglés.

## 7. PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición nos premios será o comprendido entre o 5 de outubro de 2017 e o 10 de novembro de 2017 (ambos inclusive).

## 8. MECÁNICA DOS PREMIOS

A mecánica dos premios é a seguinte:

**-Inscrición:** a inscrición nos “Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra” realizarase a través da promoción creada na plataforma **Easypromos** <https://premium.easypromosapp.com/p/815364> cubrindo o **Formulario de inscrición**, onde os participantes deberán elixir a categoría ou categorías de participación (microvídeo ou post) e adxuntar o/os traballo/s que se desexe/n presentar aos premios.

**-Votación popular:** unha vez finalizado o prazo de inscrición, abrirase un novo prazo para que o público vote polos seus traballos preferidos.

Dito prazo de votación popular será o comprendido entre o 11 e o 20 de novembro de 2017 (ambos inclusive).

**-Votación final do xurado:** unha vez pechado o prazo de votación popular, os 3 traballos de cada categoría que teñan recibido máis votos con este sistema, quedarán automaticamente preseleccionados para que o xurado elixa entre eles o traballo gañador de cada unha das categorías, microvídeo e post.

## 9. PREMIOS

Os "Premios de Comunicación Comunicación Terras de Pontevedra" son os seguintes:

**-Microvídeo para Facebook:** 500 euros

**-Post para Facebook:** 500 euros

O xurado encargado de outorgar os premios estará integrado por profesionais da materia: un/ha técnica turismo da Mancomunidade de Terras de Pontevedra, un/unha experto/a en patrimonio cultural e un/unha profesional do eido da comunicación.

O xurado seleccionará o traballo gañador de cada categoría de entre os 3 máis votados polo público. O seu ditame será inapelable e coñecerase durante a entrega de premios.

O xurado terá en conta e valorará especialmente nas súas deliberacións os seguintes aspectos:

- A adecuación as bases
- A creatividade e orixinalidade dos traballos presentados.
- A adecuación temática no referente á posta en valor do patrimonio turístico das Terras de Pontevedra, en concreto o referente ao patrimonio turístico material ou inmaterial nos ámbitos da arte rupestre, as praias, a cultura, a artesanía, os recursos naturais, a arte, a gastronomía, etc. dos concellos que forman parte da Mancomunidade: A Lama, Barro, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa.
- Claridade e potencia ou impacto da mensaxe.
- A calidade dos contidos (imaxe, son etc.).

Por mor de posibles descalificacións dos premiados ou outro tipo de incidencias que puideran xurdir cos mesmos, o xurado determinará

ademais dos gañadores a listaxe de suplentes para cada unha das categorías a concurso.

O Xurado, en última instancia, poderá declarar os premios como desertos no caso de que os traballos non alcancen o mínimo de calidade esixida polo mesmo.

A comunicación dos gañadores e entrega de premios realizarase a finais do mes de novembro do 2017 nun lugar a determinar dentro do ámbito territorial da entidade.

Os premios económicos están suxeitos a súa correspondente retención fiscal que aplicará a organización.

## **10. DESCALIFICACIÓNS E PENALIZACIÓNS**

No caso de que se poña de manifesto que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nestas bases, ou os datos proporcionados para participar non foran válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos do concurso, perdendo todo o dereito sobre os premios que puideran ter obtido.

## **11. PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS**

Non se permitirán comentarios ou opinións que se consideren inadecuados, que sexan ofensivos, injuriosos ou discriminatorios ou mesmo que puideran vulnerar os dereitos de terceiros.

Tampouco permitiranse comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

Terras de Pontevedra e a entidade organizadora dos premios non se responsabilizarán dos danos ocasionados no caso de producirse comentarios que puideran facer os participantes no concurso, e que en calquera momento puideran ferir a sensibilidade de outros participantes.

## **12. FACEBOOK**

O presente concurso non está patrocinado, avalado, administrado nin asociado en modo algún a Facebook, polo que os participantes liberan a Facebook de toda responsabilidade polos eventuais danos que se poideran derivar do mesmo.

### **13. DEREITOS E OBRIGAS**

Será responsabilidade dos participantes contar coas autorizacións pertinentes sobre o material empregado nos traballos, referido aos dereitos de propiedade intelectual, dereitos de autor, de explotación, de honra, intimidade e imaxe así como calquera outro dereito de terceiros.

Do mesmo xeito, responsabilizaranse tamén dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nos traballos, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade neste sentido.

A organización dos premios declina toda responsabilidade legal sobre os traballos presentados e sobre o seu contido.

Os autores dos traballos ceden á entidade organizadora os dereitos de explotación, consistentes na reprodución, comunicación e distribución pública dos mesmos. Estes dereitos exercitaranse sempre co recoñecemento da súa condición de autor/a, excepto manifestacións en contra.

### **14. PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) e do R.D. 1720/2007, de 21 de diciembre, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de la LOPD, informamos que os datos persoais que puideran recabarse para a xestión dos presentes premios, incluíranse nun ficheiro titularidade da organización e do que se recaban coa única finalidade de xestión do presente concurso.

O uso destes datos restrinxirase exclusivamente á xestión dentro dos "Premios de Comunicación Turística Terras de Pontevedra".

Os interesados poderán exercitar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante o envío dun e-mail ao enderezo electrónico [premios@terrasdepontevedra.es](mailto:premios@terrasdepontevedra.es) adxuntando copia do DNI.

### **15. CAMBIOS E ACEPTACIÓN DAS BASES**

A organización resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases no caso de que por calquera imprevisto ou omisión fora necesario.

A participación nestes premios supón automaticamente a aceptación destas bases.

## **16. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN**

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidera ocorrer en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xulgados e Tribunais da cidade de Pontevedra.

## **17. CONTACTO**

**Para máis información :**

Teléfono: 606 128 293

[premios@terrasdepontevedra.org](mailto:premios@terrasdepontevedra.org)

**Info promocional dos premios:** as bases e ligazón á plataforma na web de Terras de Pontevedra <http://www.terrasdepontevedra.org>.